



POLOS CREATIVOS

SA-17M1-Lendo con Luísa

Achega

- Cartolina de cores.
- Cordón ou la.
- Feltro ou goma EVA (opcional).
- Tesoira.
- Cortadora láser (opcional).
- Punzón.
- Agulla para la ou impresa en 3D.
- Modelos para descargar.

Observa

Cando estamos lendo o noso libro favorito adoitamos dobrar a esquiniña da páxina para lembrar onde deixamos a lectura, ou collemos calquera papel que teñamos a man e o introducimos entre as follas.

Estes marcadores servirán para sinalar a páxina onde nos detivemos e seguir gozando, máis tarde, da nosa paixón lectora. Non sabemos que marcapáxinas tería **Luísa Villalta**, pero coñecendo a súa obra podemos asegurar que sería moi creativo.

Indaga

- Algunha vez pensaches neste pequeno obxecto? Acostuman ser rectángulos sinxelos, pero a súa utilidade é innegable. Os pequenos anacos dos elementos dos libros (normalmente coiro) facían esta función, pero non foi ata 1584 cando o editor **Christopher Baker** incluíu un separador como tal dentro dunha biblia que lle regalou a raíña Isabel de Inglaterra. Era unha sinxela cinta de seda!
- No século XIX facíanse vistosos marcadores de seda traballada, xa personalizados (en función da obra) pero independentes dos libros. Non é ata finais dese mesmo século, e ligada á aparición da imprenta e ás novas técnicas de impresión, cando se comezan a empregar anacos de cartón finiño ou de papel grosso.

Prototipa

- Este Día das Letras Galegas temos a oportunidade de construír un prototipo de marcapáxinas, con poucas pezas pero moita creatividade.
- Sigue o proceso apoiándote no documento paso a paso e crea o teu marcapáxinas inspirado na figura de Luísa Villalta. Ela tiña unha mente moi creativa e podemos coñecela mellor revisando os seus poemarios e ensaios.
- Podes introducir modificacións nas pezas e nas cores orixinais, creando as túas propias “luísas” a partir da imaxe orixinal.



Sigue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Emprega o acceso de convidados.

